



Parrafada do millo corvo

Seso Portela

Ola, veciños de Meiro. Eu son o millo corvo e qué-rovos falar un pouco de como me vai.

Eu estou ben, pero preciso de moitos coidados, sobre todo, de que me sementen, logo de que me cavén e me atenden; podendo ser, eu non quero nin herbicida, nin mineral, ¿entendedes non?. Pois ben, tamén penso de que o que se fai comigo non é de ninguén. Penso que debiades de vir todos, e si non todos, máis que os que vides.

Eu debo de ser o orgullo da aldea; aquí foi onde me recuperastes e sei que dúas veigas entre todos non toca a nada.

Xa sei que todos os veciños tedes moito que facer, pero poñéndolle un pouco de vontade sementades tamén estas dúas veigas das cales come moita xente e xa se empeza a falar de min en todo o Morrazo.

Xa sei que somos unha aldea pequena, pero si vos unides todos seguro que o levades mellor.

Veciños, Meiro, segundo conta a historia, foi un lugar de paso, non hai mais que ver a estrada de San Antoniño que ía por Piñeiros a Paradela, a chamada estrada de Cabalos.

Non ano 1934 visitánnos políticos coma Castelao que deu un mitin na encrucillada de Quintáns. Lémbrome de aquel día, facía frío, aquel excelso home interrompe o discurso para reparar na paisaxe das chemineas fumeando, mentres os fornos cocían o pan. Castelao continuou a súa laboura engaiolando os soños de moitos daqueles que nos xuntamos para recibilo e rematou cunha frase rotunda: “estoulle arrastrando polo rabo á burra e a burra zorrégame patadas”.

Tamén no Morrazo nomes de lugares que identifican a familias e que son toda unha riqueza do noso contorno máis próximo. Con todo o meu respecto, contovolo deste xeito, por exemplo: 1ª a Casela, parte norte de Meiro, da lugar a Segundo, Manolo, Juan,

Luisa, Pepe, Xerardo, Julio, Pancho, todos da Casela.

2º a Cova: Manuel, Pepe, Emilia, Paco, José, Tucho, Segunda, Eugenio, todos eles da Cova.

3º Quintáns e aí estaría Paco, Milia, Luisa e Manolo ós que lle pode engadir tamén o-a de Quintáns.

4º Tomadiña: José, Son, Carmiña e os máis novos, Rosana, Martín e Mito, a todos eles e elas engádeselle “da Tomadiña”.

5º Casanova: Ramona e Nando que levan o engadido “de Casanova”.

6º A Plasa: Carmen, Julia, Angeles, Miguel Salvador e Víctor engandíndolle “da Plasa”.

7º O Ruso: aí temos a Manuel que toda a aldea o coñece como Manuel o Ruso.


8º Montinho, identifica a Manolo e a súa irmá Emilia.

9º Cuita, parte alta de Meiro, onde se coñece a Carmen, Pancho e Mérita, nomes que se completan con... da Cuita.

10º A Cachadiña da nome a unha familia grande: Pepe, Juan, Carmen, Fita, Manolo, e todos os fillos deste que siguen levando o mesmo engadido, sobre todo os da señora Carmen.

Bueno, veciños, outro día botaremos outra parrafada dente Meiro, sen ánimo de molestar a ninguén; así vir todos-as a coidarme, organizádevos, Eu estouvos esperando.

Un sachaso cada un.



Empalleirando.